

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 19 de decembro de 2018

Asistentes:

Alba Castro, José Luis
 Álvarez Sabucedo, Luis Modesto
 Anido Rifón, Luis Enlago
 Araujo Novoa, Diego
 Burguillos Rial, Juan Carlos
 Calvo Ruibal, Natividad
 Cardenal López, Antonio José
 Carro Parafita, Pedro Manuel
 Comesaña Alfaro, Pedro
 Costa Montenegro, Enrique
 Costas Pérez, Lucía
 Couto Cancela, Daniel
 Cuiñas Gómez, Iñigo
 Curty Alonso, Marcos
 de Lorenzo Rodríguez, María Edita
 Díaz Redondo, Rebeca Pilar
 Docio Fernández, Laura
 Domínguez Gómez, Miguel Ángel
 Fandiño Otero, Antia
 Fernández Barciela, Mónica
 Fernández Bernárdez, José Ramón
 Fernández Manín, Generosa
 Fernández Veiga, Manuel
 Fernández Vilas, Ana
 García Duque, Jorge
 García Lomba, Guillermo
 García Mateo, M^a del Carmen
 García Sánchez, Manuel
 García-Tuñón Blanca, Inés
 Gil Castiñeira, Felipe
 Gil Solla, Alberto
 González Acuña, Iván
 González González, Alfredo
 González González, Jaime
 González Rodríguez, Ramón
 González Vázquez, Beatriz
 Herrera Alonso, Sergio
 Isasi de Vicente, Fernando
 Juncos Coto, Candela
 Lago Riancho, Marcos
 López Bravo, Cristina
 López Nore, Martín
 López Valcarlos, Roberto
 López Valcárcel, Luis Antonio
 Lagilde López, Adrián
 Machado Domínguez, Fernando
 Márquez Flórez, Óscar William
 Martín Méndez, Alberto Lucio
 Martín Rodríguez, Fernando
 Martínez Portela, Roi
 Martínez Varela, Aurea
 Mikic Fonte, Fernando
 Mojon Ojea, Artemio
 Mosquera Nartallo, Carlos
 Mour Rodríguez, María José
 Neira Veiga, Adrián
 Obelleiro Bastien, Fernando
 Pozos Arias, José Juan
 Pena Giménez, Antonio
 Pérez González, Fernando
 Pino García, Antonio
 Poza González, Francisco
 Prado Rial, Tomás
 Puente Chantada, Sara
 Quintáns Graña, Camilo
 Raia García, Hermínio José
 Rodríguez Banga, Eduardo
 Rodríguez Calvo, Eduardo
 Rodríguez Couto, Óscar
 Rodríguez Hernández, Pedro Salvador
 Rodríguez Maijide, Jorge
 Rodríguez Pardo, María Loreto
 Rodríguez Pérez, Miguel
 Rodríguez Rubio, Raúl Fernando
 Salgado Rigueira, Lionel
 Sanisidro García, Javier
 Santalla del Río, María Verónica
 Sobreira Secome, Manuel A.
 Suárez González, Andrés
 Torres Guijarro, María Soledad
 Valdés Peña, María Dolores
 Vera Isasa, María
 Vidal Balsa, Rubén

CONVOCATORIA

DÍA: mércores, 19 de decembro de 2018

HORA: 12:30 en primeira convocatoria, 13:00 en segunda

LUGAR: Salón de actos

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.
2. Informe da Dirección.
3. Informe sobre as titulacións na Escola.
4. Informe sobre o desenrolo do Plan de Mentorización "MEET-Teleco".
5. Aprobación, se procede, do informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial (PAT) do curso 2017/18.
6. Aprobación, se procede, das decisións a tomar ante o cambio de normativa de Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Máster (TFM).
7. Aprobación, se procede, de modificación da estrutura de coordinación da titulación de Grao.
8. Aprobación, se procede, de cambios nas Comisións da Escola.
9. Aprobación, se procede, de informes e certificados da actividade docente.
10. Asuntos de Delegación de Alumnos.
11. Asuntos de trámite.
12. Rogos e preguntas.

Desculpan a súa ausencia:

Alonso Alonso, Ignacio
 Blanco Fernández, Yolanda
 Cacero Rodríguez, Manuel
 Chissari, Stefano
 Gómez Araujo, Marta
 Lamas Nistal, Martín
 López Ardao, José Carlos
 Mariño Espiñeira, Perfecto
 Martín Herrero, Julio
 Martínez Souto, Sofía
 Moldes Pita, Óscar
 Prieto Gómez, Cristina Magdalena
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rubiños López, José Oscar
 Santos Gago, Juan Manuel

Ás 13:00 horas do día 19 de decembro de 2018 comeza en segunda convocatoria a sesión ordinaria da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, baixo a presidencia de D. Íñigo Cuiñas Gómez e actuando como secretario D. Miguel Ángel Domínguez Gómez.

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores

Apróbase, por asentimento, a acta correspondente á Xunta de Escola ordinaria celebrada o 12 de setembro de 2018.

2. Informe da Dirección

O Director informa dos seguintes asuntos:

- Orzamentos da Universidade.

Os orzamentos da Universidade para o próximo ano 2019 aprobáronse no Consello de Goberno a semana pasada. Contemplan unha redución dun 10% nos orzamentos dos centros. Tamén hai recortes en investigación e outras áreas. Este recorte xustifícase polo crecemento de gasto no capítulo 1 debido principalmente á redución da docencia máxima de 320 a 280 créditos por docente, a saída a concurso de novas prazas e a recuperación das pagas extras. A Escola tratará de compensar esta redución con outras actividades como a firma de cátedras con empresas e outros convenios.

- Cátedras con empresas.

O 18 de decembro de 2018 firmouse unha cátedra interuniversitaria (Universidades de Vigo e A Coruña) coa empresa R. Esta cátedra está orientada á ciberseguridade. A coordinación é rotativa entre as dúas universidades, empezando pola Universidade de Vigo.

Por outra banda, a cátedra Deloitte vai ser reorientada á promoción das tecnoloxías.

- 5G.

A Escola está a negociar a sinatura de dous convenios relacionados coa tecnoloxía 5G, un coa empresa Orange e outro con AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica). O convenio con Orange é para a instalación na Escola dunha estación base 5G non comercial e de uso investigador e docente. Orange propón facer un piloto de 5G cun demostrador de aula virtual, incluíndo realidade aumentada e con equipamento instalado por Nokia. O convenio con AMTEGA é para impartir un curso de especialistas en 5G. A parte básica deste curso sería impartida por profesorado da Escola e a parte máis especializada por empresas do sector (operadoras e provedoras de equipos).

- Planificador de horarios.

A elaboración dos horarios da Escola é unha tarefa moi complexa e sería necesario ter unha ferramenta profesional para poder optimizar ditos horarios tendo en conta o uso de espazos e distancia entre eles e os condicionantes existentes por titulación/curso/grupo/docente. Mantivéronse reunións coa empresa portuguesa “Bullet solutions” que presentaron unha ferramenta moi interesante. O custo sería de aproximadamente 2.000 €/ano. Estase en negociacións coa Reitoría e outros Centros para que esta ferramenta se adquira a nivel Universidade e non sexa un coste para a Escola.

- orientaTE.

OrientaTE é a marca creada o ano pasado para aglutinar todo o referente á inserción laboral dos estudantes. Vaise a ver reforzada dende a coordinación de prácticas en empresas con a organización de obradoiros e charlas na Escola. Tamén integrárase nun programa de orientación cara ó emprego con actividades mensuais (as tres primeiras están case deseñadas).

3. Informe sobre as titulacións na Escola

O Director informa sobre as titulacións da Escola e as posibilidades de crecemento futuras:

- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación

O EurACE é o selo concedido por European Network for Accreditation of Engineering Education (ENAE). Esta institución acredita que se cumpren de forma excelente as esixencias profesionais de enxeñaría. É a acreditación máis prestixiosa para un título de enxeñaría en Europa e non todas as titulacións a teñen, polo que obtela sería un bo elemento diferenciador.

A Escola recibiu a visita da comisión avaliadora en novembro. Houbo moi boas sensacións, tanto ó longo das sesións como no informe final onde a comisión destacou moitas fortalezas. Espérase recibir o informe final sobre o mes de febreiro.

- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (en inglés)

Fai aproximadamente 2 semanas que a Vicerreitoría de Organización académica e Profesorado solicitou un informe á Escola, para enviar á Xunta de Galicia, sobre a situación actual do Grao en inglés. Os puntos máis importantes deste informe foron que:

- A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación cumpre co seu compromiso de implantación da titulación de Grao en inglés.
- A difusión deste Grao entre os estudantes de bacharelato non foi a adecuada.
- Houbo atrasos en relación á liberación dos fondos comprometidos e coas accións para acometer. Por exemplo, a formación en inglés comezou en novembro e non houbo axuda para a tradución e revisión de documentación.

Estas accións de apoio estanse a impulsar dende a Vicerreitoría de Estudantes, co adianto de fondos para os cursos de inglés e para a saída a concurso de dúas bolsas de formación de Tradución e Interpretación para apoio ás tarefas de xeración de documentos.

- Máster en Enxeñaría de Telecomunicación

Temos un informe favorable para a renovación da acreditación, que é o primeiro paso para continuar a docencia desta titulación.

- Máster Interuniversitario en Ciberseguridade

Este Máster comezou a impartirse este curso. Utilízase para a súa impartición a sala de videoconferencia da Escola que foi actualizada e o seu coste foi sufragado pola Vicerreitoría de Economía integramente. Montouse un laboratorio específica para ciberseguridade con fondos da Escola e con unha importante aportación da Cátedra Deloitte. Estase a cerrar o apoio da empresa Orange que se está a comprometer na aportación de terminais de telefonía móbil, e a súa renovación periódica, para as materias relacionadas coa seguridade nos sistemas celulares.

- Desenvolvemento actual

A situación actual das titulacións da Escola é a seguinte:

- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación

Ofértanse 130 prazas e se cubriron en xullo cunha nota media de acceso superior ó obxectivo de calidade do Centro de 8.5, sendo o primeiro ano na serie histórica que se logra este obxectivo.

- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (en inglés)

Ofértanse 20 prazas e se cubriron 19. Empezouse a impartir este ano coas limitacións comentadas anteriormente.

- Máster en Enxeñaría de Telecomunicación

Ofértanse 40 prazas e se cubriron 13. Estase nun proceso de reflexión para a modificación da memoria.

- Máster Interuniversitario en Ciberseguridade

Hai máis de 30 matriculados entre Coruña e Vigo. Maioritariamente son profesionais en exercicio.

- Programa académico Grao+Máster

Hai unha proposta dos reitores das Escolas Politécnicas de crear programas integrados de Grao+Máster, de xeito que os estudantes sigan un itinerario propio que lles leve, ao final do recorrido, á obtención das dúas titulacións. Este tema estase a discutir na CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas).

- Hipótese de futuro 1

Tendo en conta a opción de programas integrados de Grao+Máster, unha posibilidade de futuro das titulacións de Grao na Escola sería:

- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (80 prazas)
- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación en inglés (20 prazas)
- Programa integrado de Grao+Máster (50 prazas)

En total ofertaríanse 150 prazas como na actualidade. A implantación do programa integrado de Grao+Máster non é moi complexa e depende do éxito dunha modificación legal mínima e da vontade xeral da Universidade de Vigo.

- Graos duais

Hai un gra interese dende a Xunta por implantar alomenos un grao dual por cada universidade galega. Todo é aínda moi aberto e hai moi pouca concreción. Os graos duais consistirían en que os estudantes estarían 3 anos na universidade e 1 ano nunha empresa, onde non so farían prácticas e o TFG senón que recibirían formación. A Reitoría da Universidade de Vigo ten interese en participar se a Xunta oferta esta posibilidade. En reunións informais comentaron que se podería propoñer un grao en TIC orientado a traballo noutros sectores. Isto requiriría estudantes de novo ingreso a maiores e unhas condicións mínimas (instalacións, profesorado, horarios, empresas, ...).

- Hipótese de futuro 2

Tendo en conta a implantación de graos duais, unha posibilidade de futuro das titulacións de Grao na Escola sería:

- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (80 prazas)
- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación en inglés (20 prazas)
- Programa integrado de Grao+Máster (50 prazas)
- Grao dual (50 prazas)

En total ofertaríanse 200 prazas, o que suporía un crecemento do número de estudantes da Escola. As posibilidades deste escenario son actualmente remotas. Habería que estar, polo menos, preparados por se ó final materializase esta opción.

4. Informe sobre o desenrolo do Plan de Mentorización “MEET-Teleco”

O Coordinador do Plan de Mentorización, o profesor Artemio Mojón Ojea, informa sobre os aspectos máis importantes ó longo dos 6 anos de funcionamento deste plan na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, destacando o impacto do mesmo nos resultados académicos e na satisfacción dos estudantes participantes. Agora hai 6 centros implicados no Plan de Mentorización da Universidade de Vigo (MEET-UVigo). A presentación exposta polo Coordinador recollese no Anexo I desta acta.

5. Aprobación, se procede, do informe final de avaliación do Plan de Acción Tutorial (PAT) do curso 2017/18

Apróbase, por asentimento, o informe final de avaliación do Plan de Acción Tutorial (PAT) do curso 2017/18 que se recolle no Anexo II desta acta.

6. Aprobación, se procede, das decisións a tomar ante o cambio de normativa de Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Máster (TFM)

O Director informa sobre o estado actual das normativas de TFG e TFM, tralas modificacións aprobadas no Consello de Goberno da Universidade. Hai modificacións que haberá que facer nas normativas internas da Escola debido á experiencia acumulada e que se discutirán nas comisións académicas correspondentes. Pero hai outras modificacións que veñen motivadas por cambios nas normativas da Universidade de Vigo que permiten 3 modalidades de defensa dos traballos:

- Defensa ante un tribunal colexiado de 3 membros.
- Defensa ante un tribunal unipersoal, que pode ser o titor ou un docente designado polo Centro a sorteo.
- Avaliación mixta. Cada estudante opta por unha das opcións anteriores e non hai límite na cualificación, independentemente da opción elixida.

As Xuntas de Centros teñen que elixir a opción a aplicar. Cando empezouse a falar deste tema, o Director fixo unha enquisa persoal en CODITEL (Conferencia de Directores de Escolas de Enxeñaría de Telecomunicación). Recibiu 26 respostas de directores de escolas e en todas as escolas había tribunais colexiados e en ningunha tribunais unipersoais, aínda que algunhas universidades o permitían. Por outra banda, a definición de tribunal no dicionario da RAE é “Conjunto de jueces ente el cual se efectúan exámenes, oposiciones y otros certámenes o actos análogos”. Ademais, as titulacións de Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación e Máster en Enxeñaría de Telecomunicación teñen normas CIN que obrigan a que os TFG e TFM teñen que ter unha defensa pública, polo que no caso de ter un tribunal unipersoal deberíase facer defensa pública de tódolos xeitos.

Procédese a votar as 3 posibles modalidades de defensa de TFG e TFM. O resultado da votación é o seguinte:

- 58 votos a favor do tribunal colexiado.
- 0 votos a favor do tribunal unipersoal.
- 1 voto a favor da avaliación mixta.
- 3 abstencións.

Apróbase, por maioría, a opción de tribunal colexiado para a defensa dos TFG e TFM.

7. Aprobación, se procede, de modificación da estrutura de coordinación da titulación de Grao

Apróbase, por asentimento, a seguinte modificación da estrutura de coordinación da titulación de Grao:

- Elimínase a coordinación do módulos de optatividade. Cada bloque de optativas de 4º curso pasa á coordinación da mención correspondente.
- Agrúpanse as coordinacións de Proxectos en Enxeñaría e TFG.
- Créase a coordinación do Grao en inglés.

8. Aprobación, se procede, de cambios nas comisións da Escola

Apróbanse, por asentimento, os seguintes cambios nas comisións da Escola:

- CAG
 - Ana Vázquez Alejos deixa de ser coordinadora do módulo de optatividade (esta coordinación desaparece).
 - Manuel Caeiro pasa a ser coordinador de Proxectos en Enxeñaría e TFG (fúsiónanse estas 2 coordinacións en unha soa) => Manuel Fernández Veiga deixa de ser coordinador de TFG.
 - Ana Vázquez Alejos substitúe a Marcos Curty na coordinación do módulo de Sistemas de Telecomunicación.
 - Marcos Curty asume a coordinación do Grado en inglés.
 - Cándido López García substitúe a Raúl Fernando Rodríguez Rubio na coordinación do módulo de Telemática.
- Comisión Permanente
 - Alberto Gil Solla substitúe a Raúl Fernando Rodríguez Rubio.
 - Sergio Herrería Alonso substitúe a Cándido López García.
- CAM
 - José Carlos López Ardao substitúe a Raúl Fernando Rodríguez Rubio na coordinación do módulo de Telemática.

9. Aprobación, se procede, de informes e certificados da actividade docente

Apróbase, por asentimento, informar favorablemente sobre a docencia dos seguintes profesores no período solicitado:

- | | |
|---------------------------------------|--|
| • Fernando Ariel Mikic Fonte | (07/06/2010 - 13/02/2012) e (1/10/2014 - 31/01/2018) |
| • Julio Martín Herrero | (25/11/2013 - 24/11/2018) |
| • Fernando Guillermo Isasi De Vicente | (14/11/2013 - 14/11/2018) |
| • Sergio Herrería Alonso | (01/10/2013 - 30/09/2018) |
| • Rebeca Pilar Díaz Redondo | (20/01/2013 - 19/01/2018) |
| • José Juan Pazos Arias | (14/11/2013 - 13/11/2018) |
| • María José Moure Rodríguez | (01/10/2013 - 30/09/2018) |
| • Fernando Aguado Agelet | (12/11/2013 - 11/11/2018) |
| • Miguel Prol Rodríguez | (01/10/2013 - 31/12/2018) |
| • Joaquín López Fernández | (09/07/2013 - 09/07/2018) |
| • Perfecto Mariño Espiñeira | (30/09/2013 - 30/09/2018) |
| • Cándido A. López García | (21/11/2013 - 20/11/2018) |
| • Jose Luís Rodríguez Rodríguez | (02/10/2013 - 02/10/2018) |
| • José Ramón Fernández Bernárdez | (03/08/2013 - 02/08/2018) |
| • Luís Eduardo Eguizábal Gándara | (12/11/2013 - 12/11/2018) |
| • Jorge Marcos Acevedo | (15/01/2013 - 14/01/2018) |

- Javier Sánchez Real (22/05/2013 - 21/05/2018)
- Beatriz González Vázquez (15/05/2013 - 15/05/2018)

Pídese a votación da solicitude do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer de informe sobre a súa actividade docente no período do 01/10/2013 ó 30/09/2018. O Director informa sobre as queixas recibidas no “Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns” da Universidade sobre o profesor Francisco Javier Fernández Masaguer no período solicitado. Por este motivo presentouse unha denuncia dende a Escola contra este profesor diante da Universidade de Vigo, solicitando foran investigadas estas situacións por persoas alleas ó Centro, da que recibíuse resolución de arquivo con data 8 de agosto de 2018. Tamén comenta que no informe de renovación da acreditación do título de Grao hai unha mención sobre incumprimentos docentes na materia “Seguridade”, na que este profesor é o único docente.

Procédese á votación sobre o informe da actividade docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer para o período solicitado. O resultado da votación é o seguinte:

- 13 votos a favor de informar favorablemente sobre a súa actividade docente.
- 38 votos en contra de informar favorablemente sobre a súa actividade docente.
- 13 votos en branco.
- 19 abstencións.

Apróbase, por maioría, emitir informe desfavorable sobre a actividade docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer para o período do 01/10/2013 ó 30/09/2018. Este informe desfavorable emítese en base ás queixas recibidas no “Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns” da Universidade sobre a súa docencia no período avaliado (códigos QSP-16/0009, QSP-16/0215, QSP-16/0380, QSP-17/0564, QSP-17/0571, QSP-18/0005, QSP-18/0051), á mención no informe final de avaliación para a renovación da acreditación do título de Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación sobre incumprimentos de obrigacións docentes na materia “Seguridade” da que é docente (24/05/2016) e tendo informado á Xunta de Escola da resolución de arquivo da denuncia presentada contra dito profesor (08/08/2018).

Os profesores José Juan Pazos Arias, Raúl Fernando Rodríguez Rubio e Alberto Gil Solla fan constar o seu voto particular a favor de informar favorablemente sobre a actividade docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer e piden que conste en acta o seguinte texto:

"Los abajo firmantes, José Juan Pazos Arias, Raúl Fernando Rodríguez Rubio y Alberto Gil Solla, quieren hacer constar su completo desacuerdo con la denegación del informe favorable a Francisco Javier Fernández Masaguer. Las razones esgrimidas por la Junta de Escuela, basadas directa o indirectamente en las quejas existentes sobre la labor docente del citado profesor, han pasado a carecer de la más mínima consistencia una vez que el expediente abierto por la Universidad para estudiar el caso se ha cerrado y archivado sin encontrar motivos para tomar ninguna medida al respecto.

Así pues, a nuestro juicio, esta Junta de Escuela ha votado y decidido de forma arbitraria informar negativamente sobre la labor docente del profesor Fernández Masaguer, sin motivación alguna que previamente no haya sido declarada insuficiente en las conclusiones del procedimiento instruido por esta universidad, donde se ha estudiado toda la información con detalle.

Dadas las repercusiones económicas que este informe desfavorable puede acarrear, su falta de motivaciones adicionales a las ya contempladas y descartadas en el expediente archivado resulta del todo punto inaceptable, y a nuestro parecer supone un claro incumplimiento de las condiciones que regulan las atribuciones de la Junta de Escuela en este tema, a saber, que sus decisiones estén motivadas”.

10. Asuntos de Delegación de Alumnos

O alumno Jaime González González comenta que hai eventos que se celebran na Escola que non teñen a suficiente difusión. Falouse co Director da Escola sobre este tema e ver que medios serían os máis axeitados para dar a coñecer información interesante ós membros da Escola. O problema que hai é que un porcentaxe elevado dos estudantes non participa nas listas de distribución da Escola. Habería que dar a coñecer a todo o alumnado as listas de distribución existentes e animar a utilízalas. Tamén sería bo publicar un calendario de eventos na páxina web da Escola.

11. Asuntos de trámite

Non hai.

12. Rogos e preguntas

O profesor Artemio Mojón Ojea pregunta se a dirección da Escola pensou no escenario de que a Xunta de Galicia non ingrese o que prometeu para a financiación da titulación de Grao en inglés. O Director resposta que a Reitoría falou coa Xunta de Galicia e que o pago das cantidades comprometidas o farán entre xaneiro e febreiro de 2019, polo que non semella necesario un plan de continxencia ó respecto.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión cando son as 14:50 horas do 19 de decembro de 2018.

Vigo, 19 de decembro de 2018

O Director
Íñigo Cuiñas Gómez

O Secretario
Miguel Ángel Domínguez Gómez

ANEXO I

Informe sobre o desenvolvemento do Plan de Mentorización “MEET-Teleco”

MEET-UVigo

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
Facultade de Filoloxía e Tradución
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Facultade de Química
Facultade de Ciencias do Mar
Facultade de CC. Económicas e Empresariais




Escola de Enxeñaría
de Telecomunicación

Universidade de Vigo



Estudiantes que asisten a las reuniones

Curso 2012/13





Objetivos

Alumnado de nuevo ingreso: mejorar las capacidades de relación, reflexión y organización personal. Acelerar la integración en la universidad.

Alumnado mentor: desarrollar las fortalezas de carácter y adquirir nuevas habilidades y competencias (organización, liderazgo, negociación, comunicación...).

Universidad/Escuela: incrementar el bienestar de sus miembros; mejorar los resultados académicos y reducir las tasas de abandono; mejorar la empleabilidad de los egresados y establecer relaciones más fuertes con ellos.

A close-up photograph showing several hands writing on white papers. The hands are holding pens, and the papers are stacked or overlapping. The focus is on the hands and the writing process, with a blurred background.

Plan de formación

Competencias transversales (~35h)

logro

motivación

compromiso

trabajo en equipo

emociones

inteligencias múltiples

flow

liderazgo

empatía

resiliencia

sentido

comportamiento

gestión emocional

autoconcepto

sentimientos

asertividad

autoconocimiento

Competencias transversales (~35h)

logro *motivación* *compromiso*
trabajo en equipo emociones **inteligencias múltiples**
flow **liderazgo** *empatía* **resiliencia** **sentido**
comportamiento *autoconcepto* *gestión emocional*
sentimientos *asertividad* *autoconocimiento*

Temas complementarios (~30h)

organización *comunicación*
habilidades de estudio
gestión del tiempo

Competencias transversales (~35h)

logro *motivación* *compromiso*
trabajo en equipo emociones **inteligencias múltiples**
flow **liderazgo** *empatía* **resiliencia** **sentido**
comportamiento *autoconcepto* *gestión emocional*
sentimientos *asertividad* *autoconocimiento*

Temas complementarios (~30h)


organización *comunicación*
habilidades de estudio
gestión del tiempo


Mentoring (~15h)

mentee **experiencia**
pregunta **feedback**
mentor **escucha activa**
confianza




Manos a la obra






Reunión mentor/*mentees*



Reunión mentor/*mentees*



Supervisión




Reunión mentor/*mentees*



Supervisión



Conferencia *inspiradora*



Reunión mentor/*mentees*



Supervisión




Conferencia *inspiradora*




Resultados


Valoración global (mentees)



Valoración global (mentees)




Valoración global (mentores)




Número de estudiantes que asisten a las reuniones programadas

* último curso previo a MEET-Teleco




Curso 2014/15


No MEET



MEET




Escala




Curso 2014/15


No MEET



MEET




Escala




Curso 2014/15


No MEET



MEET




Escala




Curso 2014/15


No MEET



MEET



Escala





Por dentro...

Coordinación de centros

Facultade de Química

Mercedes García
Ignacio Pérez

Facultade de CC. Económicas e Empresariais

Pilar Piñeiro
Mercedes Vila

Facultade de Ciencias do Mar

M^a Concepción Tojo

Área de Formación e Innovación Educativa

M^a Ángeles Villar

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Itzár Goicoechea
Ángeles Saavedra

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Artemio Mojón

Facultade de Filoloxía e Tradución

Rosalía Rodríguez

Formadores

23 personas voluntarias se encargan de la formación de mentores

Competencias intrapersonales

Alberto Martín
Inmaculada Prieto
Javier Sánchez
Jorge Cerqueiro
M^a Carmen Padín
Xulio Fernández

Competencias interpersonales

Ana Bernabéu
Íñigo Cuiñas
Manuel Caeiro
Mercedes Vila
Olalla Nieto

Gestión del tiempo y el estudio

Artemio Mojón
M^a Ángeles Villar
Mercedes García
Xulio Fernández

Comunicación

Ignacio Pérez
M^a Fuencisla Mariño
Pilar Piñeiro
Rosa Carballo

Mentoring

Ángeles Peña
Ángeles Saavedra
Artemio Mojón
Fuencisla San Juan
Itzár Goicoechea
M^a Concepción Tojo



Difusión...


- **2015.** II Jornadas Psicología Positiva (Barcelona)
- **2016.** Bilbao Mentoring Conference
- **2017.** Fifth World Conference on Positive Psychology (Montreal)
- **2017.** 6th International Congress on Emotional Intelligence (Oporto)
- **2017.** Mentoring: herramienta para el cambio y el aprendizaje (Mondragón)
- **2018.** SIM'18, Seminário Internacional de Mentoria (Oporto)



Y ahora... ¿hacia dónde?

ANEXO II

**Informe final de avaliación do Plan de
Acción Titorial (PAT) do curso 2017/18**



Informe de coordinación do Plan de Acción Titorial

Denominación do título	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
Centro onde se imparte o título	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
Curso do informe	2017/18
Curso de implantación	2010/11
Coordinador/a	Artemio Mojón Ojea

O *Plan de Acción Titorial* (PAT) é a ferramenta da que se dotou a Escola para dar apoio ao alumnado naqueles aspectos non directamente académicos, aínda que si relacionados. Este apoio ten que ser sostido, acompañando toda a estancia na Escola, pero ten que se adaptar ás diferentes necesidades do alumnado na súa progresión ao longo do tempo. Neste senso, o PAT desenvólvese con accións específicas nos diferentes cursos. Nas páxinas seguintes dase conta destas accións para o curso 2017/18.

1. Primeiro curso

No curso 2017/18, abondando no camiño iniciado no curso 2013/14, xunto coas reunións xerais informativas tradicionais, organízase para o alumnado de novo ingreso un programa de *mentoring* formal (MEET-Teleco). Para elo, especificamente para a formación dos mentores, contouse co apoio económico da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado da Universidade.

1.1. Reunións xerais

- 4 de setembro de 2017: acto acollida e presentación do PAT.
- 6 de setembro de 2017: conferencia, *Traballando con algoritmos... mentais* (Alejandra Mosteiro).
- 17 de xaneiro de 2018: conferencia, *Cómo desenvolver unha Personalidade Resistente* (M.^a Luisa de Miguel).
- 7 de marzo de 2018: faise unha sesión informativa sobre aspectos xerais da titulación e de calidade.
- 11 de abril de 2018: conferencia, *Qué competencias marcan a diferenza?* (Carmen Vázquez de Prada).

1.2. Curso 0

Nos últimos anos, o cambio de calendario académico e o progresivo adianto do comezo do curso fan que o *curso 0*, entendido coma se entendeu na súa concepción, non sexa viable. No curso 2017/18 optouse por unha alternativa virtual soportada na plataforma *faitic*, da propia Universidade. O obxectivo é facer unha pequena introdución ao grao proporcionando documentación e propondo tarefas relacionadas con conceptos de física, matemáticas e programación con Matlab.

1.3. Programa de *mentoring*: MEET-Teleco

O soporte deste programa foron 30 mentores:

- Alumnado voluntario con varios anos de experiencia na Escola.
- Seleccionados entre os presentados a unha convocatoria específica de formación de mentores lanzada no segundo cuatrimestre do curso 2016/17 e dez dos formados durante os cursos previos e que voluntaria e altruistamente decidiron continuar coa actividade.
- Todos os mentores novos recibiron formación específica durante os meses de maio/xuño e setembro de 2017, antes de comezar coa súa actividade coma mentores. Os contidos desta formación, así coma a valoración que dela se fixo, detállanse no apéndice A.

Leváronse a cabo as catro reunións por cuatrimestre previstas entre mentores e *mentees*:

Primeiro cuadrimestre	Segundo cuadrimestre
13 de setembro de 2017	24 de xaneiro de 2018
27 de setembro de 2017	21 de febreiro de 2018
25 de outubro de 2017	21 de marzo de 2018
22 de novembro de 2017	18 de abril de 2018

As datas anteriores foron as datas oficiais, aínda que algúns grupos, en ocasións, decidiron cambiar algunha delas. En calquera caso, como quedou reflectido nas actas das reunións, sempre se celebraron aproximadamente nas datas previstas. Por outra banda, en moitos casos, e de xeito voluntario e desinteresado por parte dos mentores, fixéronse xuntanzas adicionais, con todo o grupo ou con parte del, incluso con persoas concretas.

Todo o alumnado novo foi asignado a algún mentor, sen necesidade de facer unha solicitude expresa. Da lista orixinal de 141 persoas, un total de 124 *mentees* acudiron a algunha das reunións. Todos eles foron distribuídos pola Coordinación do PAT de xeito máis ou menos uniforme entre os 30 mentores.

No apéndice B amósanse algunhas gráficas da distribución do alumnado e da asistencia ás reunións.

1.4. Enquisas finais a participantes no programa MEET-Teleco

Tras a derradeira reunión entre mentores e *mentees* pediuse a todos eles que fixeran unha valoración de distintos aspectos do proceso.

Recolléronse 25 respostas de mentores e 70 de *mentees*, recuperando a baixada de participación do curso previo e retornando a cifras semellantes ás das edicións precedentes. Os detalles destas enquisas poden consultarse no apéndice C.

Resumidamente, os resultados foron os seguintes:

- Os mentores perciben con claridade a utilidade de formación previa.
- A percepción do 100 % dos mentores e do 84 % dos *mentees* é que o programa supón unha axuda no persoal.
- Estas cifras rebáixanse ao 56 % e 61 %, respectivamente, cando se pregunta pola percepción subxectiva de axuda no plano académico.
- A valoración que fan, tanto mentores coma *mentees* dos aspectos organizativos do programa (duración, estrutura, planificación,...) é bastante semellante e, en xeral, razoablemente boa. Os mentores consideráronse, en xeral, acompañados pola organización do programa.
- Os mentores consideran, en xeral, satisfactoria a relación cos seus *mentees*, pero estes consideran esta relación aínda mellor.
- A valoración que os mentores fan da implicación dos seus *mentees* é, en xeral, bastante satisfactoria, e moi similar á percepción que estes teñen da súa propia actuación. Por outra banda, a valoración que os mentores fan da súa propia labor é, en liñas xerais, bastante boa, e os seus *mentees* valóranos aínda mellor.

- Os sentimentos experimentados nas sesións, tanto polos mentores coma polos *mentees*, son, na gran maioría dos casos, positivos (especialmete polos *mentees*). Só hai algunha resposta illada que manifesta tristura ou aburrimiento.
- En xeral, hai a percepción de que se cumpriron razoablemente ben os obxectivos que se ían marcando para as sesións e que as expectativas do programa se alcanzaron razoablemente ben.
- A valoración global, tanto de mentores coma de *mentees*, nunha escala de 0 a 10, está arredor do 8. A nota máis baixa entre o alumnado é un 4 (un caso), e un 7 entre os mentores.
- Para rematar, coma feito salientable, destacar que, salvo un *mentees*, todos os implicados recomendarían participar a outros no programa.

1.5. Enquisas a todo o alumnado de primeiro curso

A Coordinación do Grao organizou enquisas xerais a todo o alumnado de primeiro (participan ou non no programa MEET-Teleco) tras o remate de cada cuatrimestre. Nesta enquisas preguntábase por tódalas materias do cuatrimestre respectivo, e había unha sección específica para o PAT. Nela, para non alongar a enquisa en exceso, só se preguntaba ao alumnado pola súa participación activa ou non no MEET e pola valoración que facían da necesidade e da utilidade que eles lle atribuían.

O volume de respostas recollidas foi baixo, especialmente para o segundo cuatrimestre (só 19), polo que os resultados que se podan inferir desta información non se consideran moi significativos. Malia todo, indican un alto nivel de participación no programa e unha bastante boa percepción subxectiva respecto da súa necesidade e utilidade.


No apéndice D preséntanse os resultados con detalle.

1.6. Impacto académico do programa MEET-Teleco

Máis aló das percepcións subxectivas dos participantes no programa, dende o Centro quére-se valorar o posible impacto do programa MEET-Teleco no rendemento académico do alumnado. Somos conscientes de que este aspecto depende de moitos factores e que, para ben ou para mal, un programa coma o MEET-Teleco non poderá modificar os datos de xeito espectacular.

1.6.1. Resultados finais do curso 2017/18


Para poder facer a análise só se consideraron os alumnos que, en matrícula ordinaria e por primeira vez, se matricularon das dez materias que hai no primeiro curso. Estudouse o número delas aprobadas en función da participación ou non no MEET-Teleco. O programa MEET-Teleco tiña 8 reunións programadas. Considerouse coma participante ao alumnado que asistira polo menos a catro desas reunións (91 persoas dun total de 141). Na gráfica seguinte amósanse os resultados:



A forma xeral da gráfica anterior é moi semellante á que se obtivo nas tres edicións precedentes (con unha acumulación algo maior na clase que non aprobou ningunha materia). Neste caso algo menos do 30 % dos participantes no MEET-Teleco aprobaron todas ou so suspenderon unha materia, un número algo inferior ao de edicións previas; por contra, máis da metade dos que non participaron suspenderon todas as materias.

Coma dixemos antes, non pensamos que estes resultados podan ser efecto exclusivamente do MEET-Teleco, polo que se fixo unha análise estatística (regresión loxística ordinal) para modelar o número de materias aprobadas en función de diversos factores (sexo, nota de entrada, número de participacións nas actividades do programa. . .). Só, coma xa pasou nos tres anos previos, a nota de entrada e a participación no MEET resultan factores estatisticamente significativos ($p < 0.001$).

Na seguinte figura amósase cualitativamente a interacción dos tres parámetros ao tempo:



- En abscisas represéntase a nota de entrada na Universidade truncada (función chan), polo que cada cadro recolle as notas nos intervalos $[5, 6)$, $[6, 7)$. . .
- En ordenadas indícase o número de materias aprobadas.
- A intensidade de cor dos cadrados é indicativa da cantidade de persoas nese caso (branco: non hai casos; azul escuro: moitos casos).

Da interpretación das gráficas podemos concluir varias cousas:

1. Hai máis cor no grupo *MEET* que no *Non MEET*, o que corrobora o bo nivel de participación no programa.
2. Obsérvase unha certa diagonalidade nos datos, o que reflicte algo esperable a priori: unha nota de acceso alta está relacionada cun maior número de materias aprobadas.
3. Se dividimos as gráficas en franxas pola nota de entrada e nos fixamos exclusivamente no que sucede co alumnado que accedeu cunha nota superior a 11, vemos que a prácticamente todos lles foi moi ben (aprobaron todo ou deixaron só unha materia), e tamén que a maior parte participaron no MEET. Isto é consistente cos resultados dos anos anteriores: o alumnado con boas notas de entrada soe aprobar todo ou case todo, participen ou non no MEET, pero fano moi maioritariamente.
4. Se agora nos fixamos nas notas de entrada máis baixas, entre 5 e 8, poderemos observar que aquí o alumnado está máis repartido entre os que participan e os que non o fan, malia que nesta edición parece observarse un incremento da participación no programa. Ademais, os resultados son moito peores, pero o grupo que non participa no MEET tende a amorsearse máis na parte baixa (suspenden máis).
5. No grupo central (notas de acceso entre 8 e 11) volve predominar a participación, pero a distribución do número de materias aprobadas é claramente diferente: mentras que nos participantes no MEET a tendencia é a ubicarse na parte alta da gráfica, no grupo de non participantes a situación é xusto a inversa.

Como se dixo antes, este patrón repítese nas cinco edicións rematadas do MEET-Teleco.

2. Segundo, terceiro e cuarto cursos

Asúmese que o alumnado destes cursos xa non ten as necesidades de orientación e integración dos recentemente chegados, polo que as actividades programadas foron simplemente reunións xerais de información.

Segundo

O 14 de marzo de 2018 realizouse unha sesión na que o Subdirector de Relacións Internacionais, Enrique Costa, falou sobre diversos aspectos de mobilidade internacional.

Tamén se presentaron as diferentes mencións polas que o alumnado pode optar ao chegar a terceiro curso. Os relatores foron, en cada caso, representantes dos departamentos responsables de cada especialidade (Raúl Rodríguez, pola especialidade de Telemática; Fernando Pérez, pola especialidade de Sinal e Comunicacóns; Manuel Sobreira, pola especialidade de Son e Imaxe; Lucía Costas, pola especialidade de Electrónica).

Terceiro

O día 7 de marzo de 2018 fíxose unha reunión sobre aspectos de calidade e con especial fincapé no Traballo de Fin de Grao.

Cuarto

Orgizáronse dúas sesións para presentar ao alumnado os másteres propios da Escola:

- O día 3 de maio convocouse aos estudantes a unha reunión específica para presentar o Máster en Enxeñaría de Telecomunicación.

O Director da Escola, Íñigo Cuiñas, e a Coordinadora do Máster, M.^a José Moure, fixeron descrición dos contidos, especialidades e características desta titulación que habilita para a profesión de Enxeñaría de Telecomunicación e respondeuse a todas as preguntas e dúbidas que xurdiron.

Seguindo a liña iniciada no curso previo, contouse coa participación de representantes de empresas do sector nunha mesa redonda. Os participantes foron Nuria Figueira e Álvaro Pedreira (Televés), Roberto Pérez (Optare Solutions), Juan Redondo (Vodafone), Leticia Torrejón (Gradiant), Pablo Domínguez (Bahía Software) e Silvia García (Universidade de Vigo).

- O día 30 de maio convocouse aos estudantes a unha reunión específica para presentar o novo Máster en Ciberseguridade.

A Coordinadora do Máster na Universidade de Vigo, Ana Fernández e o Subdirector de Organización Académica, Manuel Fernández, presentaron a estrutura do máster e falaron das prácticas profesionais, da optatividade e das saídas profesionais.

3. Conclusións

Para primeiro curso, considerando a evolución dos grupos, os comentarios que se recolleron a través das actas das reunións, as conversas con diferentes participantes no proceso e os resultados das enquisas e das análises de participación e rendemento, chegouse ás seguintes conclusións:

- En concordancia co observado nas edicións previas do MEET-Teleco, e comparado cos datos anteriores, a implantación do programa de *mentoring* supuxo unha maior implicación do alumnado de novo acceso.
- As percepcións subxectivas de todos os implicados directamente no proceso, mentores e *mentees*, son, en xeral, moi positivas en tódolos aspectos avaliados.
- Analizados os datos definitivos do curso 2017/18, a valoración do impacto do programa MEET-Teleco no aproveitamento académico vai en consonancia cos resultados definitivos dos cursos previos: pode observarse unha relación positiva da participación do MEET-Teleco co rendemento.
- As actas das reunións son unha fonte relevante de información das preocupacións do alumnado.

Compre mencionar neste punto que o grupo de mentores que se incorporaron neste curso foi a primeira promoción formada por persoal voluntario da propia Universidade de Vigo (algo máis de 20 persoas) que, co apoio da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, se formou especificamente para este cometido ao longo do curso 2016/17. A valoración recibida, como se reflicte no apéndice A, pódese considerar moi satisfactoria, e en liña do acadado nos

cursos precedentes, no que a formación corría a cargo de especialistas alleos á Universidade (e que, á súa vez, foron as persoas que instruíron ao grupo de formadores universitarios).

Para segundo, terceiro e cuarto cursos non se detectou demanda de un apoio máis directo; en xeral, o alumnado sabe a quen ten que recurrir para os distintos problemas que se lles suscitan (prácticas, mobilidade...). Neste senso, as reunións informativas foron ben recibidas en tódolos casos.

4. Propostas para o curso 2018/19

Como se apuntaba no informe do ano pasado, e se lembrababa nas conclusións, no curso 2017/18, por primeira vez, a formación dos mentores fíxose con medios propios da Universidade e participaron os mesmos centros e titulacións que no curso 2016/17: a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, a Facultade de Filoloxía e Tradución (coa titulación *Linguas extranxeiras*), a Facultade de Química e a Escola de Enxeñaría de Minas (coas dúas titulacións que imparte).

No curso 2018/19 incorporáranse ao programa dous centros novos: a Facultade de Ciencias do Mar e a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, co seu *Grao en Economía*.

Para rematar, e malia que o nivel acadado polos formadores propios da Universidade é satisfactorio, durante o curso 2018/19 tentárase que a Universidade de Vigo encabece unha proposta na que se incorporen ao grupo de formación persoas procedentes do mundo empresarial. Isto permitirá non perder o contacto co *mundo exterior*, incrementar as posibilidades de formación pensando na ampliación a outras titulacións e, por outra banda, tanto ou máis importante, permitirá definir accións de orientación e apoio cara ao alumnado que está a piques de rematar a carreira.

En Vigo, a 8 de novembro de 2018,



Artemio Mojón Ojea

Coordinador do Plan de Acción Titorial da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Apéndice A: formación de mentores

A parte principal da formación para os mentores desenvolveuse nos meses de maio/xuño e de setembro de 2017. Houbo tres sesións de reforzo e supervisión do proceso en novembro de 2017 e en xaneiro e abril de 2018.

Máis aló da necesidade destes cursos para a capacitación específica para o seu papel coma mentores dos novos alumnos que cheguen á Escola, esperamos que esta formación, que incide en competencias de carácter transversal, supoña un beneficio engadido para os mentores e incrementa a súa empregabilidade.

Sesións e ponentes

Introdución ás competencias e ao *mentoring* (29 de maio, de 9.00 a 13.30)

- Artemio Mojón

Intelixencia emocional (30 de maio, de 9.00 a 13.30)

- Carmen Padín / Alberto Martín

Autocoñecemento (31 de maio, de 9.00 a 13.30)

- Inmaculada Prieto

Xestión emocional (1 de xuño, de 9.00 a 13.30)

- Javier Sánchez / Xulio Fernández

Motivación (2 de xuño, de 9.00 a 13.30)

- Olalla Nieto / Mercedes Vila

Intelixencia social (5 de xuño, de 9.00 a 13.30)

- Mercedes Vila / Ana Bernabéu

Traballo en equipo e liderado (6 de xuño, de 9.00 a 13.30)

- Olalla Nieto / Manuel Caeiro

Xestión do tempo e do estudo 1 (7 de xuño, de 9.00 a 13.30)

- Mariam Villar

Xestión do tempo e do estudo 2 (8 de xuño, de 9.00 a 13.30)

- Mercedes García

***Mentoring* 1** (9 de xuño, de 9.00 a 13.30)

- Fuencisla San Juan / Artemio Mojón

Avaliación da formación

Ao rematar os cursos de formación, tanto en maio coma en setembro, pasáronse enquisas de satisfacción aos mentores para tratar de avaliar diferentes aspectos da formación impartida. Os mentores debían valorar, nunha escala ascendente (de 1 a 5), diferentes aspectos relativos aos cursos impartidos.



De seguido preséntase un resumo dos resultados.

Sesións de maio/xuño




Preguntas

- Valora a duración do bloque formativo
- Valora a duración das sesións
- Valora a organización dos cursos
- Valora o contido do programa
- Valora a sala e os medios
- Valora a necesidade desta formación dentro do proxecto
- Valora a utilidade no ámbito persoal e profesional
- Valora ás ponentes
- Tendo en conta tódolos aspectos anteriores, valora globalmente o programa

Aspectos organizativos





	Organización	Contido	Sala e medios
Mínimo	3	4	3
Mediana	4	4	5
Media	4.3	4.43	4.57
Máximo	5	5	5

Organización del curso**Contenido del programa****Sala y medios****Ponentes**

Ponentes (promedio)	
Mínimo	3.3
Mediana	3.89
Media	3.86
Máximo	4.5


Necesidade e utilidade

	Necesidade	Utilidade
Mínimo	3	3
Mediana	5	5
Media	4.65	4.65
Máximo	5	5

Necesidad**Utilidad**

Valoración global da formación

Valoración global	
Mínimo	4
Mediana	4
Media	4.3
Máximo	5





Sesi3ns de setembro

Preguntas

- Valora a duraci3n do bloque formativo
- Valora a duraci3n das sesi3ns
- Valora aos ponentes
- Valora globalmente o programa

Duraci3n




Ponentes

Ponentes (promedio)	
Mínimo	3
Mediana	3.67
Media	3.79
Máximo	4.33


Valoraci3n global

Valoraci3n global	
Mínimo	4
Mediana	4
Media	4.3
Máximo	5




Apéndice B: alumnado e asistencia ás reunións do PAT


Nesta primeira gráfica amósase como evolucionou a asistencia ás 8 reunións que se fixeron ao longo do curso.



A distribución do alumnado novo foi bastante homoxénea entre os tres grupos de tipo A que houbo en primeiro. Isto, lóxicamente, tamén se trasladou á distribución de participantes no PAT:




Malia irse perdendo persoas ao longo do curso, moitos dos *mentees* participaron en todas ou case todas as sesións:




Apéndice C: enquisa aos participantes no MEET-Teleco

Respostas dos mentores (25 casos)


Cumpríronse as miñas expectativas co programa (formación + sesións)




Cumpríronse as miñas expectativas coas sesións de *mentoring*




A formación recibida durante o programa pareceume útil para as sesións de *mentoring*




A formación recibida durante o programa pareceume útil para o meu desenvolvemento persoal e profesional




Durante o proceso de *mentoring* sentínme acompañado pola organización do programa




Houbo orientación dabondo para a realización das sesións de *mentoring*




A estrutura do programa pereceume axeitada




A duración do programa pereceume axeitada para conquistar os obxectivos planeados




Globalmente, a organización do programa pereceume axeitada




A relación cos meus *mentees* foi satisfactoria




Síntome satisfeito co meu papel de mentor




En conxunto, síntome satisfeito co traballo realizado nas sesións polos meus *mentees*




En xeral e durante o transcurso do programa sentínme (poñer unha cruz máis lonxe ou máis preto ao adxectivo que vos describa):




En xeral, penso que este programa axudoume persoalmente




En xeral, penso que este programa axudoume academicamente




En xeral, penso que este programa axudoume para o meu desenvolvemento profesional futuro



¿Recomendarías a outros compañeiros que participaran coma mentores neste programa?




Do 0 ao 10 (0 moi mal e 10 excelente), a avaliación xeral do programa para min é de:




Respostas dos *mentees* (70 casos)


Cumpríronse as miñas expectativas coas sesións de *mentoring*




Acadei os obxectivos previstos para as sesións




Síntome satisfeito coa relación co meu mentor




As sesións axudáronme a relacionarme con outros alumnos de primeiro curso




Durante o proceso de *mentoring* sentínme acompañado polo meu mentor




Houbo orientación dabondo para a realización das tarefas encomendadas nas sesións




A estrutura do programa pereceume axeitada




A duración do programa pereceume axeitada para conquistar os obxectivos planeados




A organización do programa pereceume axeitada




Síntome satisfeito co meu compromiso coma *mentee* durante o proceso




En conxunto, síntome satisfeito co mentor asignado




En xeral e durante o transcurso do proceso de *mentoring* sentínme (poñer unha cruz máis lonxe ou máis preto ao adxectivo que vos describa):




En xeral, penso que este programa axudoume persoalmente




En xeral, penso que este programa axudoume academicamente



¿Recomendarías a outros compañeiros que participaran coma *mentees* neste programa?



Do 0 ao 10 (0 moi mal e 10 excelente), a avaliación xeral do programa para min é de:




Apéndice D: enquisas xerais ao alumnado de 1.º curso

Como xa se indicou, aquí tratábase de dúas enquisas xerais na que se incluían tódalas materias de cadanseu cuadrimestre. Por esta causa só se preguntaba ao alumnado pola súa participación activa ou non no MEET e pola valoración que facían da necesidade e da utilidade que eles percibían.

Primeiro cuadrimestre


Neste cuadrimestre só se obtiveron 36 respostas, das que 32 contestaron ao respecto do MEET. Obsérvase que a maioría dos que contestan participa activamente e que a valoración subxectiva da necesidade e da utilidade do programa (escalas enteiras de 1 a 6) son razoablemente boas.




Segundo cuatrimestre

Nesta ocasión só se obtiveron 19 respostas, das que 16 contestaron ao respecto do MEET a das que 12 foron de participantes habituais no MEET. Polo tanto, os resultados que se podan tirar desta información non se consideran significativos dabondo.

Participación no MEET



Necesidade do MEET



Utilidade do MEET

